





Sostibilidade dos recursos pesqueiros e do medio mariño

CATÁLOGO DE NECESIDADES E MEDIDAS PRÁCTICAS



A Asociación Nacional de Mujeres de la Pesca (ANMUPESCA), presenta este catálogo de medidas prácticas para avanzar na sostibilidade do medio mariño e dos recursos pesqueiros, co foco no marisqueo a pé como actividade económica fundamental do sector do mar en Galicia.

O marisqueo atópase nunha situación límite, sendo un dos sectores da actividade pesqueira máis afectados en Galicia. O marisqueo a pé continua sendo unha actividade feminizada, con especial dimensión nas Rías Baixas, polo que ANMUPESCA considerou prioritario continuar poñendo esforzos conxuntos na defensa dunha actividade económica artesanal e sostible, vertebradora do territorio e da economía de moitas familias, encabezadas por mulleres do mar.

Dende ANMUPESCA creemos firmemente que debemos sacar maior partido dos coñecementos populares e técnicos, e de que a supervivencia do marisqueo a pé depende, en gran medida, da nosa capacidade de colaboración para enfocar problemas globais dende o local.

No marco de Mariscadoras ConCiencia, proxecto financiado co apoio do GALP Ría de Vigo - A Guarda, organizamos distintos espazos para o encontro de persoas e saberes diversos, que poñemos en común a través deste catálogo. Esta iniciativa concibiuse como unha panca, co obxectivo de estimular unha maior transferencia de coñecementos e unha cooperación mais estreita entre todas aquelas persoas que desexan un medio natural sostible que continúe sostendo as nosas vidas.



CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado pola
Unión Europea





XUNTA
DE GALICIA

CONSELERÍA
DO MAR




Cofinanciado pola
Unión Europea



Unidade de Aproximación e
Interacción Ambiental
Ría de Vigo-A Guarda



ANMUPESCA
Agencia Nacional de Recursos de Pesca



Índice

A Ría de Vigo

- O mar como elemento vertebrador
- A enseada de San Simón
- O estado dos bancos marisqueiros

Mulleres do mar e sostibilidade

- O marisqueo a pé: unha actividade profesional artesanal e sostible
- O persoal científico - investigador e técnico: aliadas

Necesidades detectadas durante o traballo de campo e propostas de medidas prácticas

- Medio mariño
- Bivalvos
- Transferencia de coñecementos
- Gobernanza e xestión

Conclusiones

A Ría de Vigo

A Ría de Vigo sitúase no suroeste de Galicia, na provincia de Pontevedra, formando parte das Rías Baixas. É un territorio conformado arredor do mar, no que se ubican os concellos de Cangas do Morrazo, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán e Baiona.

A Ría de Vigo é a segunda máis extensa de Galicia (comprende 176 quilómetros cadrados de corpo de auga), medindo 35 quilómetros de lonxitude e 15 quilómetros de anchura na súa boca, entre cabo Home e cabo Silleiro, abríndose ao océano Atlántico.

As Illas Cíes abrigan a entrada á Ría de Vigo, formando parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas, mentres que no interior da ría sitúase a Illa de Toralla e, na enseada, a Illa de San Simón.

A Ría de Vigo é a área costeira máis urbanizada de Galicia, cunha dinámica demográfica e socioeconómica que xira arredor da cidade de Vigo, e da súa importancia como potencia industrial e centro rexional de servizos.

A configuración do territorio favoreceu historicamente as actividades marítimo-pesqueiras e a inserción nas principais liñas de comunicación transoceánicas, facendo da contorna de Vigo algo indivisible da súa ría.



O mar como elemento vertebrador

**Do total de buques
pesqueiros do Estado,
case a metade son
galegos (4.181)**

Rexistro buques pesqueiros. 2024


**A Ría de Vigo conta con 11 portos
pesqueiros; 10 deportivos e 11 lonxas**

EDLP GALP Ría de Vigo - A Guarda

**Vigo é o 2º porto do Estado (segundo a Bermeo),
que conta con buques de maior arqueo e potencia
En Galicia, o porto de Vigo é o que lidera o ránking
de facturación anual (máis de 88M€)**

**É o terceiro porto máis importante en volume de
descargas de produto pesqueiro**

Datos obtidos de [pescadegalicia.gal](https://www.pescadegalicia.gal). Anuario de pesca 2023.



9 confrarías de pescadores
78 establecimientos dedicados
á acuicultura (cetarias,

depuradoras, criadeiros...)
EDLP GALP Ría de Vigo - A Guarda

Galicia é a principal comunidade autónoma
exportadora de produtos de pesca, acuicultura e
transformados, exportando mais do 30% do
volumen total do Estado.

Informe anual 2023 ANFACO-CECOPESCA: complejo mar-
industria alimentaria

Galicia aporta mais do 50% da facturación do produto conxelado.
É a comunidade con maior número de empresas do sector,
segundo datos de Conxemar.

Xunta de Galicia. Consellería do Mar



Cofinanciado pola
Unión Europea



Consellería do Mar
Xunta de Galicia



ANMUPESCA
Asociación Nacional de Produtores de Marisco de Galicia




**A Ría de Vigo, ademais,
conta cunha potente rede
de investigación arredor do
medio mariño e os produtos
pesqueiros.**

Universidade de Vigo

Centro de investigacións mariñas (CIM)
Estación de ciencias mariñas de Toralla (ECIMAT)

**Instituto de investigacións mariñas (IIM-CSIC)
Instituto Español de oceanografía (IEO)
Centro tecnolóxico e do mar (CETMAR)
Centro de investigacións mariñas (CIMA)**



A Enseada de San Simón

Mariscadoras ConCiencia situouse na enseada de San Simón, unha Zona de Especial Conservación da Rede Natura 2000.


Na enseada se atopan as tres confrarías con maior número de PERMEX de marisqueo a pé da Ría de Vigo: Redondela, Vilaboa e Arcade.



A enseada de San Simón
enfróntanse nos últimos
tempos á **extrema
mortandade e desaparición
dos bivalvos**, sufrindo as
consecuencias do **cambio
global** dunha maneira
específica, dadas as súas
características xeográficas.

Este cambio nas condicións climáticas e os seus
efectos negativos teñen un **impacto directo na
supervivencia dos produtos pesqueiros**.
O ano 2024 supuxo un punto de inflexión moi
significativo de **baixa produtividade** dos bivalvos
como especie que sustenta a actividade profesional
do marisqueo na enseada de San Simón.

Estado dos bancos marisqueiros




Confraría de Arcade



Confraría de Redondela

“A loita contra o cambio climático é unha acción colectiva. As persoas participantes en Mariscadoras Comunitarias deben implicarnos nas accións de coidado medioambiental habitual (recollidas de lixo nas praias, implementación de campañas de concienciación...), é necesario un intercambio de saberes populares”





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado pola
Unión Europea


Arredor da Enseada de San Simón



Confraría de Vilaboa

cción que nos interpela de maneira directa.
nCiencia partimos da mesma base: ademais
ioambiental que se desenvolven de maneira
lementación de medidas de sostibilidade,
ario ampliar e fortalecer a confianza e o
ulares e científico-técnicos.”

Fonte: pescadegalicia.
Evolución 2019 - 2024
Quilogramos extraídos e prezo medio das
especies CTS, VNA, CTG, VNR, CLJ



Mulleres do mar e sostibilidade

Marisqueo a pé: unha actividade profesional artesanal e sostible, que destaca pola gobernanza, participación e liderado das mulleres



O marisqueo a pé é unha actividade profesional de **gran importancia en Galicia**, xa que aglutina a mais de **3.300 persoas**, na súa gran parte **mulleres (74,69%)**.

pescadegalicia.gal

Permisos marisqueo a pé 2024

O marisqueo é a actividade baseada na **cría, captura, e recollida** de moluscos, crustáceos, tunicados, equinodermos e outros invertebrados mariños.

As especies principais que capturan as mariscadoras a pé en Galicia son: **a ameixa xaponesa, ameixa fina, a ameixa babosa e o berberecho**.

Ademais, o marisqueo a pé abarca labores de **mantemento do territorio** (rexeneracións, limpeza de algas, etc), e tarefas de **vixilancia** das zonas de extracción. A organización das actividades realízase dende as **Agrupacións de marisqueo**, no seo das **confrarías de pescadores**.

Mulleres do mar e sostibilidade

Marisqueo a pé

O acceso e análise de información agregada, un maior control da extracción dos recursos, e o sentido colectivo da actividade do marisqueo a pé, aumentaron a conciencia da importancia do coidado medioambiental das mariscadoras, o que reverteu nunha maior conservación dos recursos pesqueiros e do medio mariño. A boa marcha do sector contempla a alianza con entidades científico - técnicas e asociacións de coidado medio ambiental.



CONSELLERÍA
DO MAR




Cofinanciado pola
Unión Europea



Unidade de Acción Local
do Marisqueo de Ría de Vigo-A Guarda



ANMUPESCA
Asociación de Mulleres do Marisqueo de Ría de Vigo



Mulleres do mar e sostibilidade


Persoal científico - investigador e técnico: aliadas

O sector primario conta co **acompañamento** de profesionais da bioloxía ao longo do proceso produtivo, a través da figura das **asistencias técnicas**. Esta figura, presente no día a día das zonas costeiras, funciona como **ponte entre o saber científico e o saber popular, tendo relacións de confianza e comprendendo a linguaxe de ambos mundos**.

A inclusión de profesionais da bioloxía nas confrarías de pescadores supuxo un **cambio de mirada** cara á necesidade de promover unha **maior sostibilidade dos recursos pesqueiros e do medio mariño**. As súas tarefas principais consisten na **recompilación de información, que permite unha toma de decisións baseada en datos, e no asesoramento para a adopción de medidas de xestión**.

A Administración conta tamén con **Axentes de extensión pesqueira e biólogos e biólogas de zona**, que se encargan da interlocución entre o sector pesqueiro e a Administración autonómica, que ten as competencias de xestión dos recursos pesqueiros.

Ademais, o persoal vinculado ás **Universidades e os Centros de investigación** producen avances científicos e están en contacto co sector pesqueiro, **aplicando os novos coñecementos xerados para o apoio e mellora da xestión das zonas costeiras**.



Necesidades e observacións durante o traballo de campo

Proposta de medidas prácticas



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado pola
Unión Europea




Galicia
Unidade de Acción Local
do Mar e do Medio
Ría de Vigo-A Guarda



ANMUPESCA

Asociación Profesional de Pescadores de Galicia

Medio mariño



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado pola
Unión Europea



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Vigo-A Guarda



ANMOPESCA
Asociación Nacional de Mulleres da Pesca

Observacións

Auga

- Nivel baixo de **salinidade** na auga (chuvias intensas + baixada de auga doce dos ríos)
- **Temperatura** da auga elevada ao longo de todo o ano
- **Verquidos** das depuradoras e da industria
- **Contaminación** debido á alta densidade de poboación

Sedimento

- Diferenzas moi importantes no **substrato** en función das zonas: lodo, area, pedras, limo...
- Moitos bancos marisqueiros **cambiaron** en poucos anos: de area a lodo

Ventos

- Aprécianse menos ventos do norte e polo tanto menos **afloramentos**
- Descoñecemento da cantidade de **nutrintes** que entran na enseada, ao estar máis pechada ás correntes

Outros

- Proliferación de **algas** na zona intermareal
- Especies **depredadoras** (ouxas, lebres de mar...)
- Consecuencias a medio e longo prazo das **infraestruturas** que se construíron na liña de costa
- Especificidade da enseada: mesmo “patio de xogo” que as industrias, **baixa hidrodinámica, superpoboación e contaminación**

Propostas de medidas prácticas

- **Priorizar as necesidades de estudo** de maneira coordinada entre Centros de Investigación.
- **Non duplicar** áreas e obxectos de estudo pola falta de comunicación entre institucións.
- **Realizar un estudo integral do estado ambiental da Enseada de San Simón, atopando claves da mortandade dos bivalvos**
- **Identificar lugares concretos** que reúnan as condicións que favorezan a reprodución dos bivalvos, asegurando a súa supervivencia e contemplando o medio prazo
- Atender, de maneira conxunta, a **problemáticas que impactan en diversas actividades**, como as especies depredadoras.



Bivalvos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Co-financiado pola
Unión Europea



Unidade de Recollida
de moluscos Bivalvos
Ría de Vigo-A Guarda



ANMURGA
Asociación Nacional de Moluscos de Galicia

Observacións

- **Alta mortandade dos bivalvos:** problema multifactorial sobre o que non temos coñecemento, o que impide adaptar as formas de traballo á nova realidade.
- **Falla de resultados positivos das sementeiras.**
Descoñécese a porcentaxe de produto pesqueiro que sobrevive, perdendo eficiencia na xestión das sementes.
- É preciso **fortalecer as capacidades das sementes** para adaptarse a un medio mariño cada vez máis extremo.
- **Non hai fixación dos bivalvos no substrato, e gran parte do que se sementa, desaparece.**
- Descoñecemento da **capacidade de reprodución** dos bivalvos na enseada, e das condicións que favorecen ou dificultan a súa reprodución.
- Descoñecemento da incidencia dos **parásitos** nos bivalvos na actualidade.
- **Descalcificación** das especies con cuncha: perda de forza e consistencia, textura moi feble e branda, o que os fai máis vulnerables aos cambios no medio mariño

Propostas de medidas prácticas

- **Estudo das zonas produtivas** para enfocar as rexeneracións en aquelas que reúnen condicións favorables ao desenvolvemento das sementes
- **Apoiar as intervencións sobre o medio en datos,** en maior medida que na actualidade (rexeneracións, sementeiras)
- **Recompilar estudos realizados** arredor do ciclo de vida dos bivalvos en zonas de características similares á enseada, que amosen claves para a súa supervivencia
- Analizar as **tendencias das mostraxes dos últimos anos por zonas de extracción,** apoiando as observacións de campo con datos, para unha toma de decisións máis informada



Transferencia de coñecementos



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Co-financiada pola
Unión Europea



Ayuntamiento de Vigo
Alcaldía de Vigo



ANMUFESCA
Asociación Nacional de Mujeres de Pesca

Propostas de medidas prácticas



- Asumir un **dobre compromiso**: o persoal investigador debe devolver os coñecementos xerados ao sector pesqueiro. O sector do mar debe participar e implicarse de maneira activa na recompilación e xeración de saberes.
- Realizar a comunicación nunha **linguaxe clara e entendible**, fuxindo do formato “charla”. Esta linguaxe debe ser atractiva para o sector do mar, pero tamén para a **sociedade en xeral e o ámbito político**.
- As investigacións deben **incluír recomendacións prácticas** para a aplicación dos avances xerados. Pasar dun enfoque teórico á aplicación práctica.
- Mellorar os **mecanismos de difusión**, xa que na práctica a información non chega ás socias e socios que non forman parte das directivas das confrarías que se implican en estudos científicos.
- Dinamizar e reforzar a **Mesa de Marisqueo da Ría de Vigo no marco REDEMAR**, xa que é preciso contar con unha **canle fluída e estable** entre o sector do marisqueo a pé e o ámbito científico – técnico.
- **Estruturar** as redes profesionais e mesas xa xeradas de maneira que den cabida e voz a **entidades aliadas**: ademais do sector pesqueiro e o ámbito científico, as entidades medioambientais teñen moito que aportar neste obxectivo.
- Aumentar a **transparencia e a difusión sobre os estudos en marcha** e os avances acadados.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado pola
Unión Europea



Grupos de Acción Local
de Sector Pesqueiro
Ría de Vigo-A Guarda



Xestión e gobernanza



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado polo
Unión Europea



Consellería do Mar
Galicie, a Xunta de Galicia



AN MUPESCA



Propostas de medidas prácticas



- Acompasar “**os tempos**”: é necesario atender á situación de urxencia que presenta o medio mariño e o marisqueo a pé, cos tempos que precisa a investigación, e os que veñen dados polas Administracións.
- Promover unha **maior colaboración coas entidades locais** (Concellos) en diversas actividades medio ambientais: xestión das algas no litoral, limpeza de praias, actividades de concienciación medio ambiental, etc. Continuar fortalecendo as alianzas, tamén, coas **entidades medioambientais**.
- Mentres as actividades profesionais feminizadas teñan menor representación en espazos de toma de decisión, as necesidades destas actividades estarán menos atendidas. Faise preciso continuar traballando o **liderado das mulleres do mar nas confrarías de pescadores**.
- Continuar afondando nos **valores do marisqueo a pé**: é un sector artesanal, vinculado ao coidado e á xestión do medio, e á gobernanza das mulleres de maneira comunitaria. Estas características fan do marisqueo unha **actividade sostible**
- Ademais, é preciso **non perder de vista outras problemáticas** vinculadas ao marisqueo a pé na enseada de San Simón:
 - Incidencia do **furtivismo** en algunhas zonas de extracción
 - **Incompatibilidade** de conservar o PERMEX e realizar outras actividades profesionais en momentos de cese de actividade
 - **Accesos perigosos** a algúns bancos marisqueiros
 - **Apertura de encoros** sen coordinación e sen comunicar ao sector pesqueiro, xerando situacións de risco entre as mariscadoras



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR



Comerciado pola Unión Europea



Consellería do Mar



Consellería do Mar

ANMUPESCA
Protección Civil de Galicia



Mariscadoras ConCiencia